



Cambia de Bando!

**Campaña de migración
do oligopolio**
(Iberdrola, Gas Natural, Endesa...)
a pequenas comercializadoras,
que suministran
enerxía renovable 100%
e cuxa organización empresarial
se basea na **economía social**



Cambia de Bando!

O actual modelo enerxético en Galicia e no resto do estado permite que sexan as grandes compañías privadas (Unión Fenosa-Gas Natural, Iberdrola, Endesa...) as que teñan o dominio da política enerxética, obtendo inxentes beneficios pola xeración, distribución e comercialización dun ben común esencial para a vida das persoas como é a enerxía. Poñendo os intereses económicos por enriba do interese das persoas e do medio ambiente.

É por elo que consideramos importante, nun primeiro paso, cambiar de bando, é dicir, deixar de financiarlas a través do recibo da luz e **pasarnos a comercializadoras que estean claramente posicionadas na transición enerxética.**

Que ventaxas ten?

- 1.As comercializadoras verdes contan con *total solvencia e teñen todas as garantías legais* necesarias para ofrecernos a xestión do suministro de enerxía. O suministro está garantido porque a rede eléctrica non cambia.
- 2.O contratar con elas, asegurámonos que o total do noso consumo nos nosos fogares ou negocios é *100% verde, é dicir, de orixe renovable*, e polo tanto respetuosa coa nosa contorna. Isto o podemos constatar así porque existe un sistema de Garantía de Orixe xestionado pola Comisión Nacional de Mercados da Competencia que así o certifica.
- 3.Ademáis, moitas das súas *tarifas son máis baixas e/ou axustadas segundo os consumos*, o que nos pode permitir a redución da factura eléctrica.
- 4.*Realízase cun sinxelo trámite* vía internet, sen ningún cambio na nosa instalación.
- 5.Recibiremos un *trato directo e unha información transparente*.
- 6.Estaremos *favorecendo o crecemento da economía social e solidaria*.
- 7.Estaremos participando *nun movemento social transformador*, e racharemos con parte do oligopolio enerxético existente